

AOS PAIS DOS ALUMNOS ADMITIDOS en ED. INFANTIL e PRIMARIA

Queridos amigos:

Enviamosvos esta carta coa primeira información para que saibades a que ateros con respecto aos seguintes puntos:

1. **UNIFORMES:**

1º de Educ. INFANTIL (nivel de 3 anos)

- Chándal de cor azul, polo ou niki branco, zapatos negros con calcetíns azul mariño ou tenis brancos con calcetíns brancos. (Os dous tipos de calzado teñen que ser con velcro -sen cordóns-). Prenda de abrigo, calquera que sexa, de cor azul mariño

De 2º de Ed. INFANTIL a 2º de E.S.O (ambos inclusive) é obrigatorio tal como está establecido:

a) **NENAS:** Saia de cuadros, blusa ou polo branco de manga pequena ou larga; xersei ou chaqueta azul mariño; zapatos negros sen cordóns e calcetíns azul mariño.

A prenda de abrigo, calquera que sexa, trenka, anorak, abrigo, etc., será obrigatoriamente azul mariño.

b) **NENOS:** Pantalón gris curto ou largo; polo ou camisa branca; xersei ou chaqueta azul marino. O resto do uniforme igual ao das nenas.

Podedes adquirilos en "O Corte Inglés", "O Uniforme", Deportes "Cimáns", etc.

UNIFORME DE EDUCACIÓN FÍSICA é obrigatorio para todos os alumnos do Colexio desde 1º de Ed. Primaria ata 1º de Bacharelato –ambos inclusive- e tamén para os de 3º de Ed. Infantil se fan algunha actividade extraescolar deportiva.

Podese adquirir nas mesmas tendas que o uniforme escolar e tamén en "Deportes Sertucha" (Avda. Buenos Aires, nº 12).

2. **SERVICIOS OPCIONAIS:**

a) **Mediাপensión:** No mes de setembro a xornada escolar sexa só de mañá. Desde o primeiro día de clase, funcionará este servizo. Os alumnos que fagan uso del sairán ás 15 h. (haberá autobús a esta hora). O seu coste mensual será de 116 €

b) **Transporte Escolar:** Os autobuses escolares teñen xa unhas paradas establecidas e é imprescindible respetalas para que non se altere o percorrido, perxudicando aos alumnos que xa o veñen utilizando ou entorpecendo os horarios de entrada ás clases. Polo tanto, rogamosvos que antes de anotar aos nenos vos enteredes se vos convén facer uso deste servizo. O coste mensual de 4 viaxes é de 80 €, e se fan 2 viaxes será de 66 €

Enviámosvos un volante para que indiquedes se vos interesa a mediapensión, o transporte ou ambos os dous servizos.

3.- **COMEZO DO PRÓXIMO CURSO:**

O curso empezará o 9 de setembro. A finais de agosto, nunha circular, Concretarásevos horarios, grupos, data da reunión coas profesoras (1º de Infantil), etc.

4.- **CUOTA "FUNDACIÓN COMPAÑÍA DE MARÍA":**

As cuotas do Colexio fánse efectivas a través dunha entidade bancaria. Adxuntámosvos o impreso correspondente que debedes entregar no Colexio.

A CUOTA FUNDACIÓN para o curso 2010-11 será de 70 €/mes para todos os alumnos de 1º de Ed. Infantil a 4º de E.S.O. Esta cuota é desgravable no imposto do IRPF (tedes que pedir a certificación correspondente na Secretaría do Colexio durante o mes de xaneiro de 2011).

Aos rapaces de Ed. Infantil e Primaria proporcionaráselles os libros e o material escolar para todo o curso no Colexio unha vez comezadas as clases.

5.- **FOTOGRAFIAS:**

Tedes que enviar 4 fotos do neno/a, tamaño carné, co nome e apelidos ao dorso.

As fotos, o volante da mediapensión e transporte, o impreso do Banco e a ficha dos datos personais, debedes entregalos na Secretaría do Colexio no prazo **do 21 ao 30 de xuño**. No caso de non facelo na data indicada, entenderemos que non vos interesa a praza e dispoñeremos dela a favor doutro alumno.

Desexando para todos unhas vacacións moi agradables, saúdavos atentamente,

A DIRECCIÓN

NOTA IMPORTANTE: Todas as prendas de vestir do uniforme de teñen que estar marcadas co número